

COMISIÓN TRIPARTITA DA FUNCIONARIZACIÓN DO PAS LABORAL DA
UNIVERSIDADE DE VIGO
ACTA Nº5 – PERÍODO TERCEIRO

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Raquel María Souto García

Vicexerente de Recursos Humanos:

José González Groba

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA (CEPO)

Marcos Estévez Orge (CCOO, Presidente)

Carlos Mollinedo Lois (CIG)

Antonio Manuel Rodríguez González (UGT)

XUNTA PAS

María José Ríos Santomé (CIG)

José Antonio Gándara Pérez (CIG)

María Moreira Sendón (UGT)

José M Sónora Abeijón (UGT)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE (CEO)

José Manuel García Eirín (CIG)

Rodrigo Alverte Pivida (CIG)

Os membros da Comisión Tripartita para a negociación da Funcionarización do PAS laboral da Universidade de Vigo reuníronse coa Xerencia ás 12:30 horas, do 24 de xuño de 2021, na Sala I do edificio Miralles coa seguinte ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión do 03 de xuño de 2021.
2. Proposta de funcionarización do PAS laboral da Universidade de Vigo.
3. Rolda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión do 03 de xuño de 2021.

A Xerenta di que logo de non ter recibido alegacións á acta anterior, queda aprobada por asentimento.

2. Nova proposta de funcionarización do PAS laboral da Universidade de Vigo.

A Xerenta comeza a reunión dicindo que, logo de recollerse moitas das propostas formuladas pola parte social na anterior xuntanza, enviouse un novo documento que pasa a resumir brevemente. Fai mención ás gratificacións extraordinarias polo que, mentres non haxa un regulamento ao respecto mantense o que establecen os artigos 23.5 e 31 do II Convenio Colectivo. Tamén, en relación á roupa de traballo, aplicaráselle de xeito directo o establecido no artigo 42 do II convenio. En canto ao Acordo acadado

no ano 2007 para a aplicación de determinadas cláusulas do II Convenio colectivo ao PAS funcionario, mentres non haxa un acordo de outro tipo, seguirá sendo de aplicación segundo o artigo 15 da proposta.

José M García Eirín pregunta polas peculiaridades dos distintos postos.

A Xerenta responde que se incluírá no acordo, como disposición adicional terceira, que os epígrafes do acordo asinado entre a Xunta PAS e Xerencia no ano 2007 son de aplicación mentres non se asine un acordo marco.

Marcos Estévez di que aínda que en moitas das cuestións tratadas na proposta da xerencia están de acordo, queren deixar constancia do seu desacordo con que os postos non se adscriban a dous grupos tal e como teñen na RPT de funcionarios. Insisten na idea debido a que lles parece o máis axeitado.

A Xerenta responde que iso xa está previsto na DA1ª e será un tema de negociación na RPT. Considera que non poden estar todos os postos abertos a dous grupos.

Conclúese en cambiar a redacción da proposta para que quede nos seguintes termos: "...Na clasificación profesional, cada posto estará, de ser o caso, adscrito a dous grupos ou subgrupos de titulación".

Marcos Estévez pregunta polo artigo 11.1 da proposta onde di "... non podendo participar en procesos de provisión ou promoción de persoal funcionario" xa que pensaba que a proposta enviada polo CEPO fora aceptada nese punto.


A Xerenta responde que o proceso de funcionarización fomenta a posibilidade de carreira administrativa entre o persoal laboral que se funcionarice. Só nunha ocasión se permitiu que os TE Biblioteca promocionaran ao grupo A2 pero foi nun caso puntual e negociado no seu momento. Coa funcionarización vaise crear unha escala de funcionarios de biblioteca do grupo C1 e será dende aí que se poida promocionar ao grupo A2. Os laborais que non se funcionaricen terán que continuar como laborais a extinguir. Quere deixar claro que para promocionar hai que funcionarizarse.

O Vicexerente de RRHH lembra que este proceso é voluntario. Engade que non ve lóxico que nun posterior proceso de promoción interna poidan participar en igualdade de condicións tanto persoal que se funcionarizou como o que non o fixo. Ademais, no artigo 2.3 do Acordo queda claro que o único sistema para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira é a superación do proceso selectivo convocado ao efecto.

A Xerenta di que en ningunha lexislación se regula a promoción cruzada, polo que esa opción non a ve posible.

Carlos Mollinedo solicita que conste en acta que se non se aplica a DA1ª da proposta da parte social relativa á non existencia de titulación, pode haber persoal que non se poida funcionarizar e se vulnere así o principio de igual traballo igual salario. Lembra que os representantes da parte social téñeno proposto en repetidas ocasións.

A Xerenta responde que esa disposición adicional non se pode aplicar neste caso porque segundo a DA9ª do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, a antigüidade de 10 anos ou cinco máis un curso de formación, está prevista para a promoción interna



do grupo C2 e non para o grupo C1. No acordo vai figurar a titulación que esixe o EBEP recollendo tamén as equivalencias establecidas na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño.

José Manuel García Eirín formula dúbidas en diversas cuestións do artigo 9 do acordo recibido. Non ven claro que unha persoa que supere o proceso de funcionarización teña que renunciar á súa categoría laboral.

A Xerenta di que se unha persoa se converte a funcionario non ten sentido algún que conserve a súa categoría de persoal laboral porque mudou o vínculo xurídico.

O Vicexerente de RRHH di que na Universidade non se van manter as categorías de persoal laboral agás naqueles casos de persoas que non se funcionaricen ou non superen o proceso.

A Xerenta considera oportuno que no acordo definitivo se inclúa que o persoal conservará as excedencias concedidas noutras categorías laborais antes da adquisición da súa condición de persoal funcionario.

José Manuel García Eirín fai referencia ao punto 12.3 no que se refire á subcomisión de funcionarización. Considera que habería que explicar mellor que os representantes designados pola parte social serían elixidos pola comisión tripartita e non pola comisión constituída no artigo 12.1

A Xerenta responde que efectivamente se pode aclarar a redacción de xeito que quede claro a subcomisión estará integrada por dous representantes designados pola Xerencia, e dous representantes designados pola parte social da comisión tripartita negociadora do proceso de funcionarización.

Conclúese que se revisará a redacción dos artigos 9 e 12.3, de conformidade ao acordado na reunión e enviarase á Comisión Tripartita para que lle dea o seu parecer a favor ou en contra.


E sen máis asuntos que tratar remata a sesión ás 11:55h

A Xerenta

O Presidente do CEPO

Representante CEO

O Presidente Xunta
PAS F



Raquel M. Souto
García

Marcos Estévez Orge

Rodrigo Alberte Pivida

Xoán M. Cebro
Rodríguez